




SAÍR Á SUPERFÍCIE. **Florença Caiazza**



## SAÍR Á SUPERFICIE. **Florencia Caiazza**

Ciclo expositivo *Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento*

Idea e proxecto: Sara Donoso



















## Saír á superficie

Para **Florecia Caiazza** o espazo é un lugar de procura e resolución de conflitos, un ente que acumula a memoria do vivido ou a sospeita do porvir e interactúa, por tanto, cos tránsitos humanos. A súa traxectoria profesional, ligada á súa situación persoal, introduce o cambio e o desprazamento como motores de exploración creativa. Así, unha vida entre dous continentes, mudanzas e períodos de residencias artísticas alimentan as súas inquietudes funcionando como sostén dunha coherente evolución na que o concepto e a sensibilidade se fusionan á hora de alumiar as súas propostas. Este nomadismo, que actualmente sitúa as cidades de Bos Aires e Dublín como centro de operacións para a artista, foi constituíndo unha ferramenta relacional nas súas creacións ata incluír o espazo -físico e simbólico- como unha das bases da súa investigación.

Mediante metodoloxías de adecuación ou resignificación, Florecia Caiazza recolle as memorias, vínculos ou pegadas que outras persoas deixaron nos diferentes lugares nos que é convidada a intervir coa súa obra. A súa produción ten moito de circular, de conciliar a súa mirada coa do resto e revelar o xesto, o que non se ve. Neste sentido, a súa proposta para a Sala Alterarte continúa unha liña de investigación actual na cal fixa o interese en prácticas que exceden a actividade artística, que se atopan nas marxes desta, pero que de diferentes modos interveñen ao longo do proceso. As súas últimas exploracións buscan sinalar a engrenaxe de materiais habituais na montaxe dunha exposición, aqueles cuxo labor é eliminar calquera tipo de dano para crear o espazo aséptico que se presupón á sala. Elementos que permanecen ocultos porque a súa principal función é disimular a imperfección. Contraendo esta dinámica, o que fai a artista é empregar estes materiais como útiles de creación: masa de reparación, xeso, espátula, lixas, trade e ferritas (pigmentos inorgánicos utilizados en materiais de construción) invisten aquí o seu uso para situarse ao servizo dunha experiencia visual e sensorial. Porque Florecia Caiazza non renuncia

ao estético; perségueo xogando coa composición, os pesos, as texturas e o cromatismo. Hai tamén unha limitación consciente dos materiais empregados, coma se desta maneira alimentase a experimentación introducindo situacións onde o enxeño deriva na consecución de novas formulacións plásticas.

As súas obras conservan a sutileza de traballos anteriores e tamén o interese pola materialidade, ligada ao contacto co medio e a reivindicación do artesanal. O que sucede nas marxes da exposición, na rutina do taller, é o esqueleto que sostén o corpus creativo da artista, fascinada polos pequenos desvíos orixinados durante a produción da obra. Esa relación co manual, xunto ao empeño de materializar o proceso como outra parte física da peza, revélase claramente nas dúas propostas que Florecia Caiazza ideou para a Sala Alterarte. A primeira é unha instalación composta por unha serie de pezas de escaiola que foron previamente perforadas para despois cubrir os buracos con emplaste, utilizando o mesmo procedemento que leva a cabo na reparación dunha parede. Pero a imperfección, aquí, en lugar de matizarse acentúase a partir de sutís intervencións que terminan por orixinar unha composición pictórica expandida cara aos muros. Estes conteñen de forma natural as marcas non reparadas da anterior exposición; os buracos de puntas e trades que habitualmente se cobren tras a mostra e que a artista solicitou deixar visibles para establecer un diálogo entre o que estivo e o que hai. Para tratar o baleiro que deixa unha exposición a partir dos seus rastros, intercalando entre eles pezas que replican estes procesos de forma intencionada desde o ensaio e a repetición. Os buracos provócanse para despois cubrilos e livalos igualando a superficie do soporte, como metáfora dese afán por neutralizar o carácter mutable dunha sala de exposicións en cada nova montaxe. Aquí, con todo, a cor actúa como indicador dese suposto dano, reivindicándoo a partir da orgánica paleta dos seus pigmentos. Nese exercicio de cubrir créase algo novo: unha mancha, unha forma, unha sombra, unha cor, un ritmo.


Desde unha aproximación conceptual similar, e mantendo o interese por aloxar certa especificidade en cada espazo que acolle a súa obra, Florencia Caiazza presenta outra instalación realizada ao longo dos seus días de estancia na sala, reconvertida en taller improvisado ao servizo da exploración plástica. Neste caso, a cor proclámase como corpo presente, xa non é sutil ou residual. Aínda que mantén esa tonalidade amable proporcionada polas calidades das ferritas, a súa forma e dimensións outórganlle maior protagonismo. Ao redor destas masas de cor salpicadas polas paredes do espazo existe toda unha escala de matices dispostos a desvelarse tras unha mirada detida. Como na serie anterior, a artista traballa coa espátula, xogando coas incisións e acumulacións de masilla nunha variada consecución de movementos, liñas e texturas que esaxeran nesta ocasión as súas protuberancias a modo de baixorrelevo. De novo as marcas previas á súa intervención son incluídas como parte da obra, engadindo outras perforacións nas que deixa caer o po do pladur. Ese po, outro elemento normalmente invisibilizado, repousa sobre os diferentes emplastados como nunha sorte de paisaxe de neve que, coa complicidade da luz, potencia e fai visibles os volumes: a cicatriz, o oco, o accidente.


Mentres unha visión global ofrece a perspectiva dun conxunto diáfano unicamente alterado pola aplicación melódica da cor, a observación atenta percibe os matices derivados de toda unha constelación de sutilezas que implican o escultórico, o pictórico, o manifesto e o creado, a corporalidade, a luz, o xesto. É como cando na

noite escura comezan a proxeccionarse aos poucos as siluetas nunha progresiva adaptación que nos permite sorprendernos do que sempre estivo aí, solicitando a lentitude e a atención do noso propio proceso visual. A arte tamén require dunha pupila expandida. É interesante o equilibrio de contrastes entre o achado e o buscado, entre a delicadeza do mínimo e a presunta rudeza dos materiais, entre o basto e o livián, entre a improvisación e a constancia compositiva. Parámetros a priori opostos que van acomodándose entre eles para compor un conxunto harmónico que transforma, pero á súa vez recupera, a identidade da sala.

**Sara Donoso**  
Curadora







## Salir a la superficie

Para **Florencia Caiazza** el espacio es un lugar de búsqueda y resolución de conflictos, un ente que acumula la memoria de lo vivido o la sospecha del porvenir e interactúa, por tanto, con los tránsitos humanos. Su trayectoria profesional, ligada a su situación personal, introduce el cambio y el desplazamiento como motores de exploración creativa. Así, una vida entre dos continentes, mudanzas y periodos de residencias artísticas alimentan sus inquietudes funcionando como sostén de una coherente evolución en la que el concepto y la sensibilidad se fusionan a la hora de alumbrar sus propuestas. Este nomadismo, que actualmente sitúa las ciudades de Buenos Aires y Dublín como centro de operaciones para la artista, ha ido constituyendo una herramienta relacional en sus creaciones hasta incluir el espacio -físico y simbólico- como una de las bases de su investigación.

Mediante metodologías de adecuación o resignificación, Florencia Caiazza recoge las memorias, vínculos o huellas que otras personas han dejado en los diferentes lugares en los que es invitada a intervenir con su obra. Su producción tiene mucho de circular, de conciliar su mirada con la del resto y revelar el gesto, lo que no se ve. En este sentido, su propuesta para la Sala Alterarte continúa una línea de investigación actual en la cual fija el interés en prácticas que sobrepasan la actividad artística, que se encuentran en los márgenes de ésta, pero que de diferentes modos intervienen a lo largo del proceso. Sus últimas exploraciones buscan señalar el engranaje de materiales habituales en el montaje de una exposición, aquellos cuyo cometido es eliminar cualquier tipo de desperfecto para crear el espacio aséptico que se presupone a la sala. Elementos que permanecen ocultos porque su principal función es disimular la imperfección. Contraponiendo esta dinámica, lo que hace la artista es emplear estos materiales como útiles de creación: masilla de reparación, yeso, espátula, lijas, taladro y ferrites (pigmentos inorgánicos utilizados en materiales de construcción) invierten aquí su uso para ponerse

al servicio de una experiencia visual y sensorial. Porque Florencia Caiazza no renuncia a lo estético; lo persigue jugando con la composición, los pesos, las texturas y el cromatismo. Hay también una limitación consciente de los materiales empleados, como si de esta manera alimentase la experimentación introduciendo situaciones donde el ingenio deriva en la consecución de nuevos planteamientos plásticos.


Sus obras conservan la sutileza de trabajos anteriores y también el interés por la materialidad, ligada al contacto con el medio y la reivindicación de lo artesanal. Lo que sucede en los márgenes de la exposición, en la rutina del taller, es el esqueleto que sostiene el corpus creativo de la artista, fascinada por los pequeños desvíos originados durante la producción de la obra. Esa relación con lo manual, junto al empeño de materializar el proceso como otra parte física de la pieza, se revela claramente en las dos propuestas que Florencia Caiazza ha ideado para la Sala Alterarte. La primera es una instalación compuesta por una serie de piezas de escayola que han sido previamente perforadas para después cubrir los agujeros con emplaste, utilizando el mismo procedimiento que se lleva a cabo en la reparación de una pared. Pero la imperfección, aquí, en lugar de matizarse se acentúa a partir de sutiles intervenciones que terminan por originar una composición pictórica expandida hacia los muros. Estos contienen de forma natural las marcas no reparadas de la anterior exposición; los agujeros de puntas y taladros que habitualmente se cubren tras la muestra y que la artista ha solicitado dejar visibles para entablar un diálogo entre lo que estuvo y lo que hay. Para abordar el vacío que deja una exposición a partir de sus rastros, intercalando entre ellos piezas que replican estos procesos de forma intencionada desde el ensayo y la repetición. Los agujeros se provocan para después cubrirlos y lijarlos igualando la superficie del soporte, como metáfora de ese afán por neutralizar el carácter mutable de una sala de exposiciones en cada nuevo montaje. Aquí, sin embargo, el color actúa como indicador de ese supuesto desperfecto, reivindicándolo a partir de la orgánica paleta de

sus pigmentos. En ese ejercicio de cubrir se crea algo nuevo: una mancha, una forma, una sombra, un color, un ritmo.

Desde una aproximación conceptual similar, y manteniendo el interés por alojar cierta especificidad en cada espacio que acoge su obra, Florencia Caiazza presenta con XX una instalación realizada a lo largo de sus días de estancia en la sala, reconvertida en taller improvisado al servicio de la exploración plástica. En este caso el color se proclama como cuerpo presente, ya no es sutil o residual. Aunque mantiene esa tonalidad amable proporcionada por las calidades de los ferrites, su forma y dimensiones le otorgan mayor protagonismo. Alrededor de estas masas de color salpicadas por las paredes del espacio existe toda una escala de matices dispuestos a desvelarse tras una mirada detenida. Como en la serie anterior, la artista trabaja con la espátula, jugando con las incisiones y acumulaciones de masilla en una variada consecución de movimientos, líneas y texturas que exageran en esta ocasión sus protuberancias a modo de bajo relieve. De nuevo las marcas previas a su intervención son incluidas como parte de la obra, añadiendo otras perforaciones en las que deja caer el polvo del pladur. Ese polvillo, otro elemento normalmente invisibilizado, reposa sobre los diferentes emplastados como en una suerte de paisaje de nieve que, con la complicidad de la luz, potencia y hace visibles los volúmenes: la cicatriz, el hueco, el accidente.

Mientras una visión global ofrece la perspectiva de un conjunto diáfano únicamente alterado por la aplicación melódica del color, la observación atenta percibe los matices derivados de toda una constelación de sutilezas que implican lo escultórico, lo pictórico, lo manifiesto y lo creado, la corporalidad, la luz, el gesto. Es como cuando en la noche oscura comienzan a proyectarse poco a poco las siluetas en una progresiva adaptación que nos permite sorprendernos de lo que siempre ha estado ahí, solicitando la lentitud y atención de nuestro propio proceso visual. El arte también requiere de una pupila expandida. Es interesante el equilibrio de contrastes entre lo hallado y lo buscado, entre la delicadeza de lo mínimo y la presunta rudeza de los materiales, entre lo tosco y lo liviano, entre la improvisación y la constancia compositiva. Parámetros *a priori* opuestos que van acomodándose entre ellos para componer un conjunto armónico que transforma, pero a su vez recupera, la identidad de la sala.

**Sara Donoso**  
Curadora







## Biografía

**Florencia Caiazza** interésase por analizar as posibilidades da materia e da cor a través dunha linguaxe onde conflúen diversas disciplinas, e ten na práctica escultórica o seu campo de acción principal. Formouse na REA (Escola Superior de Artes Regina Pacis) e no Programa para artistas da Universidade Torcuato Dei Tella (2015) en Bos Aires, Arxentina.

Participou en mostras individuais e colectivas no MAC (Museo de Arte Contemporánea da Coruña), no HfBK Dresden (Academia de Belas Artes, Alemaña) e no MAMBA, o Museo Sívori, o CC Recoleta ou o Centro Cultural San Martín de Bos Aires. Tamén no MUMU (Córdoba), no CC Parque España (Rosario), na Galería A Gentil Carioca (Río de Janeiro) e na Galería Luis Adelantado de Valencia, entre outras. Tamén formou parte de residencias artísticas nacionais e internacionais. Entre os recoñecementos ao seu traballo destacan o Premio Bolsa Nova Kenneth Kemble (2017), o primeiro premio en CALL XVIII da Galería Luis Adelantado (2016, Valencia), o segundo premio e mención no Concurso Fundación Williams (2015/2016) e unha mención na Bienal Premio Federal (2019) e no Salón Nacional de Rosario (2014).

**Florencia Caiazza** se interesa por analizar las posibilidades de la materia y el color a través de un lenguaje donde confluyen diversas disciplinas, teniendo en la práctica escultórica su campo de acción principal. Se ha formado en el REA (Escuela Superior de Artes Regina Pacis) y en el Programa para Artistas de la Universidad Torcuato Di Tella (2015) en Buenos Aires, Argentina.

Ha participado en muestras individuales y colectivas en el MAC. Museo de Arte Contemporáneo de A Coruña, el HfBK Dresden (Academia de Bellas Artes, Alemania) y en el MAMBA, el Museo Sívori, el CC Recoleta o el Centro Cultural San Martín de Buenos Aires. También en el MUMU (Córdoba), el CC Parque España (Rosario), la Galería A Gentil Carioca (Río de Janeiro) y la Galería Luis Adelantado de Valencia, entre otras. También ha formado parte de residencias artísticas nacionales e internacionais. Entre los reconocimientos a su trabajo destacan el Premio Beca Joven Kenneth Kemble (2017), el Primer Premio en CALL XVIII de la Galería Luis Adelantado (2016, Valencia), el Segundo Premio y Mención en el Concurso Fundación Williams (2015 / 2016) y una Mención en la Bienal Premio Federal (2019) y en el Salón Nacional de Rosario (2014).

Ciclo expositivo

# activar a mirada, des◆ordenar ■ pensament◆

## ORGANIZA

Vicerreitoría do  
Campus de Ourense-Campus Auga

Universidade de Vigo

## PATROCINA



DEPUTACIÓN  
OURENSE

Universidade de Vigo

## Vicerreitora do Campus de Ourense

Elena Rivo López

## Xestor de actividades Culturais

Filemón Rivas Conde

## Idea e proxecto

Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento  
Sara Donoso

## EXPOSICIÓN

Sala Alterarte  
do 13 de xaneiro ao 10 de marzo de 2023

## Curadora

Sara Donoso

## Coordinación

Filemón Rivas Conde

## Montaxe

Pedro Dorrego

## CATÁLOGO

### Edita

Universidade de Vigo

### Coordinación e texto

Sara Donoso

### Dirección editorial e deseño

disigna edenia SL

[www.edenia.org](http://www.edenia.org)

para Difusora de Letras, Artes e Ideas

[www.difusora.org](http://www.difusora.org)

© Das fotografías de sala e de obra non fotográfica  
Xosé Lois Vázquez e Florencia Caiazza [portada]

1ª edición, 300 exemplares, xullo de 2023

ISBN: 978-84-8158-993-1

Dep. Legal: VG 724-2023

Vicerreitoría do  
Campus de Ourense-Campus Auga

---

Universida de Vigo

